

Proxecto de Orde pola que se regula o mercado de ovos

O dereito das persoas consumidoras a dispoñer dunha información completa e precisa sobre os alimentos cobra cada vez unha maior relevancia, tanto polo interese por desfrutar dunha dieta sana e equilibrada, como polo coñecemento dos produtos que está a consumir, alcanzando este interese non soamente as características e cualidades, senón que se estende a outros intereses, como saber a procedencia, sistemas de produción, a sustentabilidade e a transparencia no sector.

A día de hoxe, a persoa consumidora non se limita a demandar que a información sobre os alimentos se reduza a elementos básicos, polo que cada vez se fai máis necesario dotar a este das ferramentas e datos que optimicen a toma de decisión de compra.

Dentro dos distintos alimentos que as persoas consumidoras poden atopar, se encontran os alimentos producidos e comercializados polo sector dos ovos. Este sector en Galicia ten unha especial relevancia, toda vez que a comunidade conta con mais de dous millóns de galiñas, cun total de 94 explotacións que producen preto de cincuenta e dous millóns de dúcias de ovos. A estas cifras temos que engadir que Galicia conta cun total de 67 embaladoras de ovos. Asemade, temos que ter en consideración que os ovos supoñen un 1,61 % da alimentación, tratándose dun sector cunha notable importancia económica e social, ao achegar un produto de primeira necesidade, alcanzable para a persoa consumidora, e cun alto contido de proteína e outros nutrientes esenciais na dieta.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

DIRECCIÓN XERAL DA PAC E DO CONTROL DA CADEA ALIMENTARIA

Rúa dos Irmandiños,15-Salgueiriños
15705 Santiago de Compostela
T. 981 544 777
dxpacecadea.mediorural@xunta.gal
mediorural.xunta.gal



A produción de ovos opera na súa totalidade baixo os estándares europeos, xerando, polo tanto, un produto cun valor engadido en termos de benestar, sustentabilidade e seguridade alimentaria.

A necesidade de contar con normas de comercialización dirixidas a regular aspectos que engloban criterios de clasificación, conservación e manipulación, requisitos de marcado e embalaxe, uso de mencións reservadas facultativas e requisitos para a importación e exportación, configurase como un instrumento esencial tanto para a consumidora como para o propio mercado, ao contar cun marco normativo uniforme.

Nesa busca dunha maior claridade, sustentabilidade e transparencia, e dentro da estratexia europea “Da granxa á mesa”, a Comisión Europea, o 20 de maio de 2020, anunciou unha revisión das normas de comercialización que supuxo a aprobación de novas disposicións en materia de normas de comercialización de ovos. Así, aprobáronse o Regulamento Delegado (UE) 2023/2465 da Comisión, do 17 de agosto de 2023, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ás normas de comercialización dos ovos, e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 589/2008 da Comisión, e o Regulamento de Execución (UE) 2023/2466 da Comisión, do 17 de agosto de 2023, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ás normas de comercialización dos ovos.

O Tribunal de Contas Europeo, nun Informe Especial sobre o Etiquetado dos alimentos na UE, do 25 de setembro de 2024 contempla varias recomendacións dirixidas a mellorar a información sobre o etiquetado dos alimentos, sobre mellorar a normativa, sobre os controis sobre o etiquetado, sobre as prácticas de etiquetado e sobre a necesidade de mellorar a comprensión do etiquetado dos alimentos.

O Real decreto 1027/2024, do 8 de outubro, polo que se regulan as



condicións de aplicación da normativa da Unión Europea de comercialización de ovos, establece un novo marco xurídico nesta materia, adaptando a normativa estatal ás disposicións comunitarias. Este Real decreto contempla unha serie de previsións en materia de marcaxe de ovos, de réxime de autorizacións para o mercado e as excepcións e uns sistemas de control que esixen que no ámbito autonómico se regule esta materia atendendo a todas as novidades lexislativas producidas nos últimos anos.

Esta orde consta dun preámbulo, vintenove (29) artigos, estruturados en seis capítulos.

O Capítulo I, "*Disposicións xerais*", regula o obxecto e ámbito de aplicación, as solicitudes e a tramitación, instrución, resolución, contido, vixencia e modificación das autorizacións e do réxime de recursos. O capítulo II "*O mercado dos ovos*" regula onde debe realizarse ese mercado e o código distintivo dos ovos. O capítulo III "*As autorizacións de mercado do código distintivo de ovos*", regula o réxime das autorizacións. O capítulo IV. "*As excepcións de mercado de ovos*", regula aqueles supostos nos que se pode excepcionar o mercado de ovos. O capítulo V. "*Etiquetaxe e embalaxe*", establece as normas sobre a etiquetaxe dos estoxos e o embalaxe dos ovos e sobre a etiquetaxe facultativa O Capítulo VI. "*Dos Controis*", regula os distintos controis aos que están sometidos os centros de embalaxe.

Complétase con catro disposicións adicionais, sobre as referencias normativas, organismos independentes de control autorizados por outras administracións, actualización de modelos normalizados e sobre a etiquetaxe facultativa, dúas disposicións transitorias sobre o prazo de solicitar novas autorizacións en substitución das concedidas e período de vixencia das autorizacións concedidas, cunha disposición derogatoria e dúas derradeiras verbo da habilitación para a aplicación e execución da orde e a súa entrada en vigor.

Esta orde tramitouse de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de



outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Finalmente, a prol da mellora da calidade normativa, esta norma adecúase aos principios de boa regulación, singularmente os de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade, eficacia e eficiencia, recollidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, así como no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

En consecuencia, de acordo coas facultades que me confiren os artigos 34.6 e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de acordo/oído o Consello Consultivo,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Esta Orde ten por obxecto:

- a) Regular as autorizacións para o mercado dos ovos realizado no primeiro centro de embalaxe.
- a) Regular as autorizacións das excepcións ao mercado de ovos.
- b) Regular as autorizacións do etiquetado facultativo
- c) Regular os controis dos centros de embalaxe autorizados para o mercado de ovos co código de explotación.



d) Regular as comunicacións que deben presentar as persoas operadoras.

2. O ámbito de aplicación desta orde son as granxas produtoras de ovos, os centros de embalaxe de ovos e as persoas operadoras deste sector ubicadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. Solicitudes de autorización e comunicacións

1. As solicitudes para a obtención das autorizacións e as comunicacións reguladas nesta orde presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude e/ou comunicación presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude e/ou comunicación aquela en que sexa realizada a emenda.

3. Para a presentación electrónica das solicitudes e/ou comunicacións poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e chave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. Para os efectos da presentación da solicitude e/ou comunicación, as persoas interesadas poderán actuar por medio de representantes.

5. Unicamente será posible presentar unha solicitude e/ou comunicación por persoa solicitante. En caso de presentar varias solicitudes, só será válida a última.



Artigo 3. Documentación complementaria

1. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente coa solicitude e/ou a comunicación.
2. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.
3. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.
4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude e/ou comunicación, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.
5. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación de forma presencial, dentro dos prazos previstos nesta orde. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 4. Comprobación de datos

1. Para a tramitación das autorizacións e comunicacións reguladas nesta



orde consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa solicitante
- c) NIF da entidade representante ou o DNI/NIE da persoa representante.
- d) Autorizacións administrativas para o exercicio da actividade, no caso das solicitudes de autorización.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 5. Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes e comunicacións

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude e/ou comunicación deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 6. instrución do procedemento de autorización

1. A instrución dos procedementos de autorizacións correspóndelle:



a) Á xefatura de servizo competente en materia de calidade alimentaria da dirección xeral competente nesta materia da Consellería do Medio Rural os procedementos de:

-Autorización de supresión de ceros situados a esquerda no número distintivo do mercado de ovos.

-Autorización do mercado de ovos en dúas liñas diferentes.

-Autorización de envío de ovos sen marcar para entrega directa ás persoas operadoras da industria alimentaria nacional ou transfronteiriza.

-Autorización de etiquetaxe e mercado facultativo.

b) Ás xefaturas de servizo con competencia en materia de calidade alimentaria dos departamentos territoriais os procedementos de autorización de mercado de ovos co código da explotación polos centros de embalaxe. Neste caso a atribución da instrución determinarase polo territorio onde este ubicado o centro de embalaxe.

2. Unha vez recibida a solicitude, a unidade que teña atribuída a instrución do procedemento, analizará a solicitude e a documentación complementaria.

3. Se a solicitude ou a documentación non reúne os requisitos establecidos nesta orde, requiriráselle á persoa interesada para que a emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días, indicándolle que, se non o fai, se considerará que desiste da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Sen prexuízo do disposto nos números anteriores, en calquera fase do procedemento poderase requirir á persoa solicitante que achegue a información e documentación que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, seguimento e comprobación da solicitude presentada.

5. As solicitudes que non cumpran as esixencias contidas nesta orde ou na normativa de aplicación, que non conteñan a documentación necesaria ou,



de ser o caso, non a presenten nos modelos normalizados, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión ou da desestimación, de ser o caso, na cal se indicarán as causas desta. Así mesmo, será causa de desestimación da solicitude, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información.

6. Unha vez finalizada a instrución do procedemento, a unidade que teña atribuída a instrución do procedemento elevará proposta de resolución á persoa titular da dirección xeral competente en materia de calidade alimentaria.

Artigo 7. Resolución das solicitudes de autorización

1. As resolucións de concesión, denegación e/ou inadmisión da autorización correspóndenlle á persoa titular da dirección xeral competente en materia de calidade alimentaria

2. O prazo de resolución e notificación será de 6 meses contado a partir da data de presentación da solicitude. Se no prazo indicado non se dita resolución expresa, entenderase estimada a solicitude por silencio administrativo.

Artigo 8. Contido da autorización

A autorización deberá conter, como mínimo:

- a) Os datos identificativos da persoa solicitante: Nome completo ou razón social, NIF ou CIF, enderezo, telefono, correo electrónico.
- b) O número de rexistro sanitario do centro de embalaxe.
- c) O/os código/s distintivo/s do mercado dos ovos.
- d) A forma de xustificación (albarán, nota de carga ou outro documento que



acredite a orixe, destino e cantidade) do envío da totalidade da produción enviada ou dos sistemas de cría para os que se autoriza nos supostos nos que non se faga entrega total da produción, de ser o caso.

e) A causa de excepción do mercado de ovos, de ser o caso.

f) O período de validez da autorización, de ser o caso.

g) A aprobación dos pregos de condicións da etiquetaxe facultativa, de ser o caso.

Artigo 9. Notificación da autorización

1. As notificacións das resolucións de concesión da autorización practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia



poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 10. Período de vixencia

As autorizacións terán unha vixencia indefinida, contada desde a data da notificación de outorgamento da autorización.

Artigo 11. Perda ou da suspensión da autorización

1. Nos supostos nos que, realizado un control polo organismo delegado ou pola autoridade competente ás persoas autorizadas, se comprobe que esta non cumpre coas obrigas establecidas na lexislación vixente en materia de mercado de ovos ou co contido da autorización, a dirección xeral que ditou a resolución de autorización, poderá adoptar un acordo de inicio de perda ou suspensión da autorización.

2. O acordo de inicio será notificado ás persoas autorizadas outorgándolle un prazo máximo de 10 días hábiles para formular alegacións.

3. Rematado o prazo indicado no número anterior, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de calidade alimentaria, ditara, no prazo máximo dun mes contado desde a finalización do prazo de presentación de alegacións, unha resolución na que poderá acordar o



arquivo do expediente, a suspensión ou a perda da autorización.

4. No caso da suspensión, a resolución outorgará un prazo dun mes, durante o que, a persoa autorizada deberá adoptar aquelas medidas necesarias para acreditar o cumprimento das obrigas establecidas na autorización. No caso de non adoptar as medidas sinaladas, producirase a perda da autorización.

5. A perda ou suspensión da autorización é independente das responsabilidades que sexan esixibles ás persoas autorizadas.

Artigo 12. Réxime de recursos

As resolucións expresas ou presuntas ditadas ao abeiro desta orde non poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso de alzada perante a persoa titular da Consellería do Medio Rural no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro). Transcorrido este prazo sen terse presentado dito recurso esta resolución adquirirá carácter de firmeza en vía administrativa.

Artigo 13. Modificación da autorización

1. As persoas operadoras que pretendan modificar as condicións e/ou contido da autorización deberán presentar unha solicitude (anexo II) con carácter previo á adaptación da actividade a esas alteracións e deberá indicar aqueles termos da autorización que se pretenden modificar.

2. O prazo para a tramitación e resolución das solicitudes de modificación da autorización será dun mes. Se no prazo indicado non se dita resolución



expresa, entenderase estimada a solicitude por silencio administrativo.

CAPÍTULO II

O mercado dos ovos

Artigo 14. Mercado dos ovos

1. O mercado dos ovos realizarase na explotación de orixe deles.
2. Considerarase marcado en granxa ou en orixe cando o centro de embalaxe estea anexo a unha explotación, marque unicamente os ovos da devandita explotación e a explotación na que se sitúa unicamente produza baixo un mesmo sistema de cría. Para estes efectos, considerarase anexo a unha explotación aquel centro de embalaxe situado dentro do valado perimetral establecido na explotación, ou nunha localización contigua ao devandito valado.

Para realizar este mercado non se precisa de autorización administrativa.

3. Excepcionalmente, poderá realizarse o mercado de ovos no primeiro centro de embalaxe ao que cheguen os ovos, sempre e cando este centro conte coa preceptiva autorización ,e independentemente de que a continuación se proceda á súa clasificación e/ou almacenamento ou envío a outro centro de embalaxe para a súa clasificación, envasado ou almacenamento.
4. Os centros de embalaxe dunha mesma empresa non se poden considerar de forma conxunta , sendo cada un deles, aos efectos da presente orde, un centro de embalaxe individual e precisa dunha autorización propia e independente.

Artigo 15. Código distintivo dos ovos



1. A cada establecemento se lle asignará un número distintivo integrado polo código de forma de cría, o código do Estado membro e o número de identificación do establecemento.
2. A forma de cría deberá cumprir, en particular, o disposto no anexo II do Regulamento Delegado (UE) 2023/2465 da Comisión, do 17 de agosto.
3. A forma de cría identificarase mediante os seguintes códigos:
 - a) 0, para a produción ecolóxica, conforme ao artigo 30.1 do Regulamento (UE) 2018/848 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, sobre produción ecolóxica e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello.
 - b) 1, para a produción de «Ovos de galiñas camperas».
 - c) 2, para a produción de «Ovos de galiñas soltas no galiñeiro».
 - d) 3, para a de «Ovos de galiñas criadas en gaiolas acondicionadas».
4. O código do Estado membro correspondente a España será «ÉS» e figurará inmediatamente despois do código de forma de cría.
5. A cada establecemento asignaráselle un número único que garanta a súa identificación. Este número estará composto por dous díxitos correspondentes ao código da provincia, seguido de tres díxitos para o código de municipio onde radique o establecemento, seguido dun código de sete díxitos que os identifique de forma única dentro do municipio.
6. Para os efectos do marcado dos ovos recollido no punto III da parte VI do anexo VII do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, cando os sete díxitos que identifican o establecemento dentro do municipio conteñan un ou varios zeros situados á esquerda, poderá autorizarse a súa supresión, acortando e situándose o número distintivo nunha única liña no ovo. No resto dos casos, o ovo deberá marcarse co número distintivo completo.
7. Asemade, poderá autorizarse que a información se sitúe en dúas liñas diferentes, a condición de que a división do número distintivo se realice de



tal maneira que na segunda liña figure o código de sete díxitos que identifica o establecemento seguido, de ser o caso, da identificación da manada segundo establécese no número seguinte.

8. Poderase engadir unha letra adicional ao número distintivo correspondente, que irá colocada despois do código de explotación establecido no número 5 , que permita identificar as manadas mantidas en naves ou edificios separados dentro dunha mesma explotación.

CAPÍTULO III

As autorizacións de mercado do código distintivo de ovos

Artigo 16. Autorización de mercado de ovos en centro de embalaxe

O mercado de ovos nun centro de embalaxe distinto ao mercado en granxa ou en orixe requirirá da preceptiva autorización administrativa expedida pola consellería competente en materia de calidade alimentaria.

Artigo 17. Solicitud e da documentación complementaria

As persoas interesadas deberán achegar a solicitude (anexo I) debidamente cuberta, onde se fagan constar os datos solicitados.

Artigo 18. Documentación complementaria

Xunto á solicitude deberá presentar:

a) Contrato ou documento equivalente, entre cada unha das distintas explotacións e o centro de embalaxe pola totalidade da produción da explotación que non fose entregada directamente á industria alimentaria ou que non fose marcada na propia explotación.



Non obstante o anterior, naqueles supostos nos que unha granxa teña naves con distintos sistemas de cría, podería realizarse o marcado en granxa para un sistema de cría e enviar a produción do outro sistema de cría a un centro de embalaxe para o seu marcado e clasificación. Neste caso, deberá achegarse o contrato ou documento equivalente entre a explotación e centro de embalaxe identificando o sistema de cría que se va a marcar.

Cando entre o centro de embalaxe e a explotación ou explotacións de onde proceden os ovos acrediten unha relación empresarial, tal e como se define na letra e) do apartado 2 do artigo 2 do Real decreto 1027/2024, do 8 de outubro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa da Unión Europea de comercialización de ovos, non será necesaria a presentación do contrato ou documento equivalente entre ambas as partes. Tampouco será necesario no caso de envíos procedentes de granxas cunha capacidade máxima declarada igual ou inferior a 3.000 galiñas.

b) Datos dos volumes de ovos enviados desde as explotacións, nos últimos tres anos. Naqueles casos de novas explotacións ou que non leven en funcionamento máis de tres anos, deberán achegar os datos relativos ao período de actividade da explotación.

c) Datos dos volumes marcados no centro de embalaxe, nos últimos tres anos. Naqueles casos de novos centros de embalaxe ou que non leven en funcionamento máis de tres anos, deberán achegar os datos relativos ao período de actividade.

d) Datos sobre a capacidade máxima das explotacións.

e) Rexistro sanitario do centro de embalaxe.

f) Descrición do proceso interno de control da trazabilidade, onde figure entre outros, o proceso de marcado e embalaxe, cun diagrama de fluxo das actividades do centro



CAPÍTULO IV

Das excepcións de mercado de ovos

Artigo 19. Excepcións ao mercado obrigatorio dos ovos

Estarán exentos da obriga de mercado de ovos:

a) os ovos vendidos directamente á persoa consumidora final polo produtora na explotación ou na venda a domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia. Nestes casos non poderá utilizarse unha clasificación por calidade e peso.

b) os ovos vendidos directamente ao consumidor final nun mercado público local, sempre que cumpran os dous requisitos seguintes:

1º A explotación conte con un máximo de 50 galiñas poñedoras.

2º O nome e apelidos da persoa produtora, no caso de persoas físicas, ou a razón social para persoas xurídicas, así como a dirección da explotación, en ambos casos, estean indicados no punto de venda de forma claramente visible e lexible. Nestes casos, non poderá utilizarse unha clasificación por calidade e peso.

c) os ovos da categoría B cando se comercialicen exclusivamente no territorio nacional, no estarán suxeitos aos requisitos de mercado establecidos no punto III.1 do anexo VII do Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013

Artigo 20. Excepcións autorizables ao mercado de ovos

Poderá autorizarse a excepción da obriga de mercado de ovos co código de explotación, previa presentación de solicitude (Anexo III) nos seguintes supostos:

a) Os ovos que se entreguen directamente desde unha explotación ou centro



de embalaxe ás persoas operadoras da industria alimentaria autorizadas de acordo co 4 do Regulamento CE 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, de 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal.

As partidas entregadas quedarán baixo a total responsabilidade das operadoras das industrias alimentarias de destino dos ovos, que deberán comprometerse a utilizalos exclusivamente para transformación.

b) Os ovos que se entreguen directamente desde unha explotación ou centro de embalaxe situada en Galicia á industria alimentaria doutro Estado membro. Neste caso, as operadoras deberán cumprir os seguintes requisitos:

1.º Posuír unha autorización emitida pola autoridade competente da comunidade autónoma onde se sitúe a explotación, que inclúa os datos relativos á industria de destino dos envíos.

2.º Acompañar os envíos dun documento de información que inclúa o contido mínimo que se recolle no modelo recollido no anexo do Real decreto 1027/2024 do 8 de outubro.

c) Os ovos procedentes dunha explotación situada en Galicia e destinados a centros de embalaxe situados noutro Estado membro da Unión Europea, sempre que se cumpra co seguinte:

1º A solicitude realizárase por parte das dúas persoas operadoras interesadas.

2º O centro de embalaxe en destino deberá ter unha autorización expresa por escrito da autoridade competente do Estado membro no que se sitúe. Dita autorización deberá ter validez durante o período de duración do contrato entre a explotación de procedencia e o centro de embalaxe.

3º A persoa operadora asociada á explotación de produción deberá comunicar (Anexo VI), previamente aos envíos de ovos sen marcar, a súa intención de levar a cabo esa acción, presentando unha copia da autorización



mencionada no parágrafo anterior. Cada envío irá acompañado dunha copia do contrato de entrega cuxa duración será de, polo menos, un mes.

Artigo 21. Documentación complementaria da solicitude de excepción de mercado

As persoas interesadas deberán achegar, xunto á solicitude, a seguinte documentación:

- a) Identificación completa da persoa operadora da industria alimentaria á que van destinados os ovos, no suposto do artigo 20.1.a)
- b) Documento no que figure petición dúas persoas operadoras interesadas, no suposto do artigo 20.1.c)
- c) Autorización expresa da autoridade competente do Estado membro no que se sitúe o centro de embalaxe de destino, no suposto do artigo 20.1.c).

CAPÍTULO V

Etiquetaxe e embalaxe

Artigo 22. Etiquetaxe dos estoxos e da embalaxe dos ovos

1. Nos estoxos de ovos de categoría "A" vendidos á persoa consumidora final, cando o número de unidades poida verse claramente e contarse facilmente desde o exterior, ou cando veña indicado na etiquetaxe, non será obrigatorio indicar a cantidade neta mínima contida no envase, sempre que conste a categoría de peso conforme ao esixido no artigo 5 do Regulamento Delegado (UE) 2023/2465, da Comisión, do 17 de agosto de 2023, e sempre que nun mesmo estoxo non se envasen ovos de diferentes tamaños.
2. No caso dos ovos de categoría B deberá indicarse o peso neto ou número de unidades subministradas en cada un dos envíos.
3. A explicación para as persoas consumidoras finais do código do produtor



realizárase de acordo cos requisitos que establece o artigo 11.2 do Regulamento Delegado (UE) n.º 2023/2465 da Comisión, do 17 de agosto de 2023 mediante a seguinte mención:

«Primeiro dígito: forma de cría das galiñas.

Dúas letras seguintes: Estado membro de produción.

Resto de díxitos: granxa de produción.»

4. Ademais, a información alimentaria poderá facilitarse por un medio electrónico indicado no envase ou nunha etiqueta suxeita a este, sempre que cumpran o Regulamento (UE) n.º 1169/2011, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, sobre a información alimentaria facilitada a persoa consumidora. En ningún caso esta información substituirá á información alimentaria obrigatoria, que debe facilitarse no envase ou na etiqueta, nin incluírá imaxes ou mencións que poidan inducir a erro ás consumidoras no relativo á forma de cría ou alimentación das galiñas.

5. A marca de identificación dos estoxos de ovos realizárase segundo o establecido no anexo II, sección I do Regulamento (CE) n.º 853/2004, do Consello, do 29 de abril de 2004.

6. A etiquetaxe do estoxo de ovos aromatizados deberá incluír, ademais de todo o establecido no presente artigo que lle sexa de aplicación, a indicación «ovos aromatizados con», seguido do alimento utilizado para a súa elaboración ou «ovos aromatizados con» seguido do aroma alimentario utilizado. En calquera caso, na listaxe de ingredientes deberá figurar unha mención ao emprego de aromas de acordo coa parte D do anexo VII do Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011.

7. Os ovos destinados á industria alimentaria transportaranse en dispositivos provistos dun precinto ou etiqueta de cor amarela, de maneira que, para abrilos, sexa imprescindible a destrución do precinto ou etiqueta. Estes precintos ou etiquetas levarán as seguintes indicacións, con caracteres



claramente visibles e facilmente lexibles:

- a) O nome e a dirección da operadora destinataria dos ovos.
- b) O nome e a dirección da operadora remitente dos ovos.
- c) A frase «OVOS DESTINADOS Á INDUSTRIA ALIMENTARIA» en letras maiúsculas negras (de 2 centímetros de altura) e nun ou varios idiomas oficiais da Unión Europea.

Poderase exceptuar desta obriga os casos nos que a produción de ovos teña un sistema tecnolóxico equivalente de rastrexabilidade desde a granxa, que achegue, en calquera momento, como mínimo os datos antes sinalados de cada envío.

8. Os ovos industriais comercializaranse en contedores provistos dun precinto ou unha etiqueta de cor vermella. Neses precintos e esas etiquetas figurará:

- a) O nome e a dirección da operadora destinataria dos ovos;
- b) O nome e a dirección da operadora remitente dos ovos;
- c) As palabras «ovos industriais» en letras maiúsculas de 2 centímetros de altura e as palabras «non aptos para o consumo humano» en letras de polo menos 8 milímetros de altura.

Artigo 23. *Etiquetaxe facultativa*

1. Entenderase por etiquetaxe facultativa aquelas indicacións adicionais distintas ás mencións obrigatorias previstas na lexislación vixente, que se refiren a determinadas características ou condicións de produción dos ovos ou das galiñas das que procedan. As ditas indicacións deben ser, en todo caso, obxectivas, veraces e demostrables.

2. Poderán utilizarse como indicacións adicionais as seguintes:

- a) Os estoxos que conteñan ovos da categoría "A" poderán levar a indicación adicional de calidade «extra» ou «extra frescos» ata o noveno día despois da



posta, en aplicación do artigo 12 do Regulamento Delegado (UE) 2023/2465 da Comisión, do 17 de agosto de 2023.

b) As relativas ao sistema de alimentación das galiñas poñedoras, de acordo co artigo 13 do Regulamento Delegado (UE) 2023/2465, da Comisión, do 17 de agosto de 2023.

As ditas indicacións, que só poderán utilizarse se se respectan as porcentaxes ás que se refire o citado artigo 13, expresaranse como «alimentación baseada en cereais» ou «alimentación baseada en...», referida, neste caso, á indicación do cereal concreto.

3. Os axentes económicos, ou asociacións deles, que desexen incluír algunha das mencións a que se refire o número anterior deberán contar cun prego autorizado por parte da autoridade competente, para o que deberán presentar unha solicitude (Anexo IV), achegando un prego de condicións que inclúa, polo menos, os seguintes requisitos:

- a) A información que vaia a constar na etiqueta.
- b) As medidas de autocontrol que estea previsto adoptar para garantir a veracidade da devandita información.
- c) O sistema de verificación do cumprimento do prego de condicións que estea previsto aplicar a toda a fase de produción.

4. Unha vez autorizado o prego de condicións, terá validez e efectos en todo o territorio nacional, e os axentes económicos ou asociacións deles poderán utilizar as mencións facultativas na etiquetaxe cando obtivesen o oportuno certificado de conformidade emitido polo organismo de certificación.

5. Antes do 15 de xaneiro de cada ano, o axente económico ou organización comunicará (anexo VI) á dirección xeral competente en materia de calidade alimentaria e, para os efectos estatísticos, a información sobre o volume de ovos comercializados ao amparo dun prego de condicións de etiquetaxe facultativa durante o ano anterior, así como os datos relativos ás explotacións acollidas ao prego correspondente.



Artigo 24. Rexistro de pregos de condicións de etiquetaxe facultativa

1. A dirección xeral competente en materia de calidade alimentaria empregará o Rexistro de Etiquetaxe Multiespecie dependente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación como Rexistro de pregos de condicións de etiquetaxe facultativa.
2. O dito Rexistro será actualizado periodicamente, unha vez se dite a resolución de aprobación dos pregos, pola dirección xeral competente en materia de calidade alimentaria

CAPÍTULO VI

Dos controis

Artigo 25. Verificación previa

Antes de emitir a autorización do marcado do código dos ovos a un centro de embalaxe, o departamento territorial da consellería competente en materia de calidade alimentaria, atendendo ao domicilio ou razón social da persoa solicitante, levará a cabo unha verificación exhaustiva dos volumes de ovos enviados desde as explotacións, os volumes de ovos marcados no centro de embalaxe e a capacidade máxima das explotacións, por cada sistema de cría.

Artigo 26. Sistemas de autocontrol

O centro de embalaxe será responsable de manter un sistema de autocontrol que asegure o cumprimento das normas de comercialización de ovos.



Artigo 27. Control oficial do mercado do código do ovo polos centros de embalaxe autorizados

1. Ademais da verificación previa, deberá realizarse un control oficial que será efectuado por un organismo no que se delegaran determinadas funcións de control oficial a que se refire o título II, capítulo III, do Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017.
2. O control oficial nos centros de embalaxe deberá levarse a cabo, como mínimo, unha vez cada 6 meses. Para estes efectos, os centros de embalaxe deberán seleccionar e contratar un organismo delegado de control, de entre os que reúnan esa condición, para levar a cabo ese control oficial, debendo comunicar (anexo VI) a consellería competente en materia de calidade alimentaria o organismo seleccionado no prazo de 15 días desde a contratación.
3. Unha vez realizado o control, e nun prazo máximo dun mes, o organismo emitirá un certificado que acredite a correcta rastrexabilidade dos ovos.
4. A dirección xeral competente en materia de calidade alimentaria deberá realizar unha supervisión do labor realizado polo organismo delegado de control; ademais, poderá realizar o control oficial no ámbito das súas atribucións.

Artigo 28. Organismos delegados de control

1. Os organismos delegados de control, que terán a condición de persoa xurídica, cumprirán coa norma de acreditación que sexa de aplicación para un alcance que lle permita a realización dos controis establecidos nesta orde. En tanto obteñen a acreditación, a consellería competente en materia



de calidade alimentaria poderá conceder autorizacións provisionais para tales organismos cun prazo non superior a un ano, prorrogable durante un ano máis.

2.A solicitude (Anexo V) para obter a delegación de funcións de control presentarse por medios electrónicos, e deberá acompañarse dunha memoria que acredite os requisitos establecidos no apartado 4 deste artigo, tendo a autoridade competente seis meses para resolver e notificar a delegación de funcións de control oficial. O sentido do silencio será estimatorio.

3.A resolución de delegación describirá con precisión as tarefas que o organismo delegado de control pode levar a cabo e mais as condicións en que pode realizalas e que se establezan mecanismos de coordinación efectiva e eficaz entre a autoridade competente e o organismo en que delegase.

4. Poderán delegarse tarefas específicas de control oficial nun organismo delegado de control sempre e cando este:

- a) Posúa a experiencia, os equipos e a infraestrutura necesarios para realizar as tarefas que lle foron delegadas.
- b) Conte con persoal suficiente coa cualificación e a experiencia axeitada.
- c) Sexa imparcial e non teña ningún conflito de intereses con respecto ao exercicio das tarefas que lle foron delegadas.
- d) Traballe e estea acreditado segundo as normas pertinentes para as tarefas delegadas.
- e) Dispoña de competencias suficientes para exercer as funcións de control oficial que lle foron delegadas.

5. O organismo delegado de control deberá comunicar (Anexo VI) semestralmente á consellería competente en materia de calidade alimentaria, a información relacionada co mercado dos ovos de cada centro de embalaxe e a súa relación coa produción de cada explotación.



6. No caso de que o organismo delegado de control detecte irregularidades durante a súa labor de control, procederá a denuncialas á consellería competente en materia de calidade alimentaria, que poderá determinar neste caso a extinción ou suspensión da autorización emitida ao centro de embalaxe.

7. A consellería competente en materia de calidade alimentaria poderá retirar ou suspender a delegación nos casos nos que se comprobe que o organismos delegado de control non está a realizar correctamente as tarefas que lles foron asignadas, previa audiencia do organismo. A delegación retirárase sen demora se o organismo delegado non toma as medidas correctoras axeitadas e oportunas para corrixir os incumprimentos detectados. Neste supostos, a consellería competente en materia de calidade alimentaria comunicará este feito de xeito inmediato a ENAC, ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e ao resto de comunidades autónomas para o seu coñecemento.

8. No caso de que o organismo delegado de control só estivese provisionalmente autorizado, non poderá seguir coa delegación de tarefas de control oficial, ata que non consiga a acreditación para o devandito alcance.

Artigo 29. Control da etiquetaxe facultativa

1. Os axentes económicos, ou asociacións deles, realizarán os autocontrois que establece a letra b) do artigo 23.3 que garantan o cumprimento da etiquetaxe facultativa. Ademais destes autocontrois, e previo á comercialización de ovos con esta etiquetaxe, levará a cabo unha verificación do cumprimento do prego de condicións desa etiquetaxe facultativa que estable a letra c) do artigo 23.3, que será efectuada por un organismo independente de control que estea acreditado conforme á norma



de acreditación que sexa de aplicación para un alcance que inclúa o establecido nesta orde.

2. Este control da etiquetaxe facultativa tamén poderá ser realizado pola consellería competente en materia de calidade alimentaria no ámbito das súas atribucións.

Disposición adicional primeira. *Referencias normativas*

A referencia á normativa comunitaria e estatal entendese efectuada á normativa vixente á data de publicación desta orde e a normativa que no seu caso a substitúa ou modifique.

Disposición adicional segunda. *Organismos independentes de control autorizados por outras administracións*

Os organismos independentes de control que teñan autorizacións doutras administracións para levar a cabo as funcións recollidas nesta orde, poderán realizar os controis sen necesidade de pedir autorización ante a administración pública galega.

Disposición adicional terceira. *Actualización dos modelos normalizados*

De conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital o modelo normalizado aplicable na tramitación do procedemento regulado nesta disposición poderá ser actualizado co fin de mantelo adaptado á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación do modelo actualizado na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estará permanentemente accesible para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria unha nova



publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional cuarta. *Etiquetaxe facultativa*

1. Os pregos de condicións de etiquetaxe facultativa aprobados seguirán vixentes ata a súa adaptación ao disposto nesta orde.
2. A adaptación deberá realizarse no prazo máximo de nove meses contado desde a entrada en vigor desta orde.

Disposición transitoria primeira. *Prazo de solicitar autorizacións*

Todas os centros de embalaxe, axentes económicos, explotacións deberán solicitar as autorizacións reguladas nesta orde no prazo máximo dun mes contado a partir do día seguinte da súa entrada en vigor.

Disposición transitoria segunda. *Vixencia das autorizacións xa concedidas*

As autorizacións concedidas con base na normativa anterior manterán a súa vixencia ata a notificación da resolución de autorización correspondente.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para a aplicación desta orde*

Facúltase á persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de calidade alimentaria para ditar cantas instrucións sexan necesarias para a



aplicación e a execución desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «*Diario Oficial de Galicia*».

A conselleira do Medio Rural

María José Gómez Rodríguez